

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE ESTRIBELA E CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA E CONVOCATORIA PÚBLICA.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día catorce de decembro de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as bases para a regulación da liña de subvencións ás axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Estribela e Conxunto Histórico de Pontevedra, que se achegan á presente proposta.

SEGUNDO: Significar expresamente que a aprobación destas “bases reguladoras das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas” non supón compromiso de gasto algún con cargo a recursos propios.

Faise constar, así mesmo, que non se prevé a posibilidade de efectuar abonos en conta ou pagos anticipados en canto a forma de pagamento das subvencións consonte ao establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

TERCEIRO: Ordenar, de conformidade co sinalado no artigo 9.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, na sesión do 17/09/04 (BOP nº 190 do 30/09/04), a publicación do texto íntegro das presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello, efectuándose por medio do presente convocatoria pública para que a partir do día seguinte á publicación do texto íntegro das presente Bases Reguladoras no BOP, se poidan formular as oportunas solicitudes, dando así cumprimento ao requisito da publicidade.”

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer ben o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ao abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico



das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, consonte o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, segundo establece o art. 117.2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón as persoas interesadas interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de SEIS MESES contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no art. 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa, NO entanto, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedentes consonte a dereito.

O teor literal das bases reguladoras aprobadas é o seguinte:

**BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN
DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO
DE ESTRIBELA E DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Pontevedra conta con dúas áreas de rehabilitación declaradas, concretamente a Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela, declarada con data 03.05.2007 e a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico, declarada o 04.10.2012. A declaración destes ámbitos é unha peza básica para a recuperación e rexeneración do tecido residencial mediante a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas e a reurbanización do espazo público.

A declaración dun ámbito como área de rehabilitación integral permite afrontar a rehabilitación con axudas públicas, téntase estimular a rehabilitación dos barrios históricos ou degradados, tanto na súa dimensión física como na súa necesaria revitalización social, económica e cultural.



As axudas económicas previstas veñen a completar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións na Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela que desenvolve na actualidade a súa 6ª Fase. A experiencia adquirida neste ámbito servirá de base para iniciar nunha 1ª fase, a recuperación do tecido residencial no Conxunto Histórico, promovendo a cultura da rehabilitación e o mantemento dos oficios tradicionais.

Para o desenvolvemento dos acordos asinados o 27.10.2015 entre a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra no marco do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 (BOE núm.86 do 10.04.2013), resulta necesario establecer unhas bases reguladoras das actuacións e das axudas que determine un procedemento de distribución dos recursos en base aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

Para o seu desenvolvemento faise necesario arbitrar o oportuno procedemento a través das presentes bases, co fin de acadar unha intervención en prol da rexeneración e rehabilitación dos recintos orixinarios, tendo como obxectivo todo o amplo concepto que transmite a palabra rexeneración, como a recuperación do contorno físico que permita aos/ás actuais usuarios/as e veciños/as ver o seu contorno "recuperado", sen que o excesivo custo desta recuperación supoña a expulsión destes espazos.

Seguindo as pautas da Lei 38/2003, do de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada, consonte ao disposto na lexislación de réxime local, no BOP núm.190 do xoves 30 de setembro de 2004, para a xestión das axudas anunciadas dítanse as seguintes bases reguladoras que determinan un procedemento de distribución dos recursos que asegura os principios de obxectividade, concorrencia e publicidade e garanta a transparencia das actuacións administrativas, tendo como principios básicos os preceptos de rehabilitación previstos no RD 233/2013 do 10 de abril, e na Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal (DOG núm.52 do 17.03.2015), con comunicación á Xunta de Galicia de cada unha das persoas solicitantes finalistas das axudas.

Faise polo tanto necesario, a aprobación dunhas novas Bases reguladoras das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na áreas de rehabilitación integral declaradas no concello, acordes ao novo marco normativo.



Sen prexuízo de que as anteriores bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 211 do 03.11.2010, sigan vixentes para as solicitudes que se presentaron na ARI de Estribela con anterioridade a data 31 de decembro de 2012, referentes as obras a realizar na 5ª fase.

Xa que logo, establécense as presentes bases para a concesión de axudas en orde á rehabilitación de vivendas do eido da ARI de Estribela e do Conxunto Histórico de Pontevedra, en función da competencia deste Concello en materia de conservación e rehabilitación da edificación, consonte ao art. 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 1. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación declaradas no Concello de Pontevedra, dentro do marco dos acordos que se establezan entre a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, durante o seu período de vixencia.

Principalmente estas bases definen:

As actuacións e obras que poden ser obxecto de axudas económicas, a cargo dos fondos públicos comprometidos nos devanditos acordos.

As persoas beneficiarias das axudas económicas.

As condicións xerais que deben cumprir os beneficiarios e os inmóbeis.

Os procedementos de xestión e tramitación.

Para todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada no BOP núm. 190 do xoves 30 de setembro de 2004, as bases de execución dos presupostos e demais normativa de pertinente aplicación.

Artigo 2. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación das presentes bases é:

a) A Área de Rehabilitación Integral do núcleo de Estribela declarada o 03.05.07 por acordo da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.



b) A Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Pontevedra declarada o 04.10.2012 pola Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo, cuxa delimitación e coincidente coa delimitación do Plan Especial de Protección e Reforma Interior e Conservación Artística (PEPRICA) aprobado definitivamente o 27 de febreiro de 2003 e publicado no BOP do 3 de xuño de 2003.

c) Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de aprobarse polo procedemento establecido para o efecto.

Artigo 3. Actuacións subvencionables

As axudas para a rehabilitación dentro dos ámbitos de actuación delimitados irán dirixidas fundamentalmente aos seguintes tipos de actuación:

A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, coa finalidade de adecualos á normativa vixente. Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Artigo 4. Regulación urbanística

Á Área de Rehabilitación Integral de Etribela resúltanlle de aplicación directa as condicións urbanísticas establecidas no Plan Especial de Reforma Interior de Etribela (PERI), aprobado definitivamente o 16.02.07 polo Pleno do Concello de Pontevedra (BOP núm. 90 do 09.05.2007) e no PXOU en vigor aprobado por Orde da COTOP de 18.12.1989.

Á Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Pontevedra resúltanlle de aplicación as condicións urbanísticas establecidas no Plan Especial de Protección e Reforma Interior e Conservación Artística (PEPRICA) aprobado definitivamente o 27.02.2003 (BOP núm.105 do 03.06.2003) e no PXOU en vigor aprobado por Orde da COTOP de 18.12.1989. A delimitación do plan especial ven definida pola declaración de Ben de Interese Cultural coa categoría de Conxunto Histórico Artístico ao Barrio Antigo de Pontevedra, efectuada polo Decreto do 23 de febreiro de 1951 (BOE do 7 de marzo de 1951)

As actuacións obxecto de axuda deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicable en cada momento.

Artigo 5. Tipos de axudas públicas

As axudas públicas para a execución das diferentes actuacións para a rehabilitación das áreas consistirán en subvencións a fondo perdido, e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no artigo 3 das presentes bases.



As subvencións concederanse no eido dos acordos das Comisións Bilaterais correspondentes asinados entre o Concello de Pontevedra, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Fomento, cun investimento constituído polas achegas dos referidos Ministerio, Consellería e dos promotores particulares, para a realización das actuacións cualificadas, ou dos acordos que no sucesivo se aproben. Teranse en conta tamén os informes que se emitan en relación ás solicitudes polos servizos técnicos municipais.

Artigo 6. Contía das axudas económicas

A axuda económica consistirá nunha subvención por un importe máximo do 35 por 100 do custo subvencionable das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas que se realicen, e cunha contía máxima por vivenda obxecto de rehabilitación de 11.000 euros.

O custo subvencionable total da actuación ven determinado pola suma do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificados. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo total das actuacións subvencionables constituirá o orzamento protexible da actuación e non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

Artigo 7. Aplicación orzamentaria

1 O límite de financiamento previsto para as actuacións no ámbito das áreas de rehabilitación, establécese en termos de máximos e anualidades de financiamento nos correspondentes acordos de Comisión Bilateral entre as distintas administracións, asinados o 27.10.2015.

2 Para a concesión das subvencións que se convocan, destinaranse os créditos globais correspondentes á aplicación orzamentaria correspondente.

3 A concesión das axudas que regulan estas bases estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes, debendo someterse os correspondentes expedientes de gasto á fiscalización previa.

Artigo 8. Criterios de concesión das subvencións

Para a concesión das axudas económicas obxecto das presentes bases, establécense os seguintes criterios, por este orde de prioridade, ata esgotar o orzamento destinado para elas.



1 Os edificios residenciais e as vivendas emprazadas en edificios para os que o planeamento prevé algún nivel de conservación, segundo o seguinte cadro:

PEPRICA		PERI DE ESTRIBELA	
Protección:		Protección:	
Monumental	60 puntos	Singular	60 puntos
Integral	50 puntos	Ambiental	30 puntos
Estrutural	40 puntos		
Ambiental A	30 puntos		
Ambiental B	30 puntos		
Ambiental C	10 puntos		

2 As actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética (10 puntos).

3 As actuacións encamiñadas á mellora da accesibilidade dos inmobles (10 puntos).

4 A existencia de ordes de execución de obras por parte do Concello (10 puntos).

5 A Antigüidade do inmovible.

6 O menor número de vivendas á que afecte a solicitude.

7 A orde de presentación das solicitudes de subvencións achegadas da correspondente documentación no rexistro do Concello

Este Concello, tras o informe previo das persoas responsábeis da Oficina Municipal de Rehabilitación, poderá modificar ou alterar a orde de preferencia, motivándoo debidamente no correspondente expediente, en casos excepcionais, debidamente xustificados, derivados da situación de necesidade social dos/as propietarios/as ou usuarios/as do inmóbel ou, por mor da carencia total das condicións mínimas de habitabilidade da vivenda ou de conservación do inmóbel con perigo para persoas e bens.

Artigo 9. Persoas beneficiarias

1 Poderán ser beneficiarios e acceder ás axudas á rehabilitación de edificios e vivendas as persoas usuarias legais, como propietarios/as, comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión, arrendatarios/as ou titulares dalgún dereito de uso, cando as vivendas constitúen o seu domicilio habitual e permanente.



2 Tamén poderán solicitar as axudas as persoas titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas elas mesmas ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro xeito legal admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual.

3 Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custe asumido por cada un.

Artigo 10. Obrigas e condicións xerais que deben cumprir as persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias promotoras están obrigadas a:

Dedicar a vivenda ou edificio obxecto da actuación á súa residencia habitual e permanente ou ben ao alugamento.

Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas.

Comunicar ao Concello de Pontevedra calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito: os cambios de titularidade ou de razón social, os trasposos e as subrogación, ou calquera outro cambio que se produza en relación á actividade obxecto de axuda.

Cumprir o contido do proxecto ou memoria aprobado nas condicións que se sinalen no acordo e as bases que regulan a subvención.

Colaborar co Concello no cumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases ou convocatorias, principalmente as referidas á verificación, seguimento e control das actuacións subvencionadas.

As demais obrigas recollidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra.

Artigo 11. Condicións xerais que se esixen aos inmóbeis e ás obras

Para os efectos de obter as axudas previstas nas presentes bases será necesario cumprir os seguintes requisitos:



1. Os edificios cuxos titulares pretendan acollerse a axudas públicas co obxecto de acometer obras de conservación, accesibilidade universal ou eficiencia enerxética deberán contar co informe de avaliación de edificios (IAEd) presentado no concello, con carácter previo á solicitude da axuda, de acordo á Ordenanza reguladora do informe de avaliación dos edificios do Concello de Pontevedra (BOP núm. 66, do 09.04.2015).

2. Nas vivendas unifamiliares e nas vivendas dentro dunha edificación colectiva, nas que se leven a cabo actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética deberá presentarse un certificado de eficiencia enerxética, no caso de non estar obrigadas a presentar o informe de avaliación dos edificios.

3. As actuacións deberán contar co acordo da comunidade ou comunidades de propietarios de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización administrativa correspondente, cando sexa preceptiva.

4. Os edificios deberán carecer dalgunha das condicións seguintes:

- a) Acceso adecuado para as persoas con discapacidade.
- b) Adecuadas condicións de protección fronte a incendios.
- c) Adecuadas condicións de ornato e salubridade.
- d) Estanquidade fronte á chuvia e á temperatura exterior.
- e) Seguranza estrutural.
- f) Sistemas adecuados de evacuación de auga de chuvia e saneamento.
- g) Sistemas de aforro enerxético.

5. Non se subvencionarán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou acaida funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas

6. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a accesibilidade, distribución interior, instalacións de saneamento e fontanería, electricidade, calefacción ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, illamento acústico, aforro enerxético, servizos hixiénicos e doutros servizos de carácter xeral. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.



7. As obras deberán executarse mediante técnicas e materiais que garantan a calidade construtiva e estética conforme á normativa vixente. As actuacións realizadas sobre fachada vista dende a vía pública garantirán a recuperación da unidade compositiva, debéndose intervir sobre todos aqueles elementos que desvirtúen ou que afecten negativamente ao seu contorno.

8. En ningún caso se subvencionarán elementos de moblaxe, electrodomésticos e elementos decorativos en xeral.

9. As actuacións de rehabilitación poderán estar iniciadas con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2013-2016, sempre que non se finalizasen con carácter previo á solicitude destas axudas.

10. As obras proxectadas deberán contar con licenza municipal de obras ou de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas. Asemade, as obras que precisen de certificado final de obra, unha vez rematadas, deberán de acadar a preceptiva licenza de primeira ocupación.

Artigo 12. Publicidade

Todas as obras subvencionadas deberán incluír de forma visíbel a imaxe corporativa do Plan Estatal de vivenda e rehabilitación e do Ministerio de Fomento, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e do Concello de Pontevedra, para o que será necesario a colocación de carteis exteriores conforme ao establecido polo órgano correspondente da Comunidade Autónoma. Ditos carteis serán sufragados e entregados polo Concello de Pontevedra.

Artigo 13. Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do orzamento protexible. Non obstante non poderá obter financiamento quen se beneficiara, dentro do ámbito de actuación, das axudas do Programa de rehabilitación edificatoria do Plan Estatal (artigo 28.3 do RD 233/2013)

Artigo 14. Perda da axuda económica

Son causas de perda da axuda económica establecida as seguintes:

1. A non adaptación das obras á normativa do PERI de Estribela e do PEPRICA.
2. A incorrecta execución das obras aprobadas.
3. A non execución da totalidade das obras subvencionables.



4. A execución de obras non aprobadas previamente polo Concello de Pontevedra.
5. O incumprimento non xustificado dos prazos establecidos para a execución das obras.
6. Non destinar o edificio ou planta para a que se solicitan axudas ao uso principal da vivenda.

Artigo 15. Información e asesoramento previo á solicitude de subvención

As persoas que pretendan solicitar axudas económicas deberán solicitar, mediante impreso normalizado (ANEXO I), unha visita de inspección técnica previa á solicitude de subvención. Ademais diso, deberán achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan axudas. A visita técnica será efectuada polo persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área para comprobar o estado da edificación e asesorar ao/á petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel sobre as obras que se pretendan executar ou en execución.

Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras que se queren realizar, a persoa interesada poderá solicitar da oficina municipal de rehabilitación, mediante impreso normalizado (ANEXO II), a prestación dos servizos de redacción de memorias técnicas de obra menor co obxecto de obter a licenza municipal de obras ou de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa e solicitar a correspondente subvención. A solicitudes de asistencia técnica aceptadas pola oficina serán atendidas por rigorosa orde de recepción no rexistro.

Artigo 16. Solicitudes de subvención e documentación

As solicitudes para calquera das axudas presentaranse en instancia normalizada, xunto coa documentación complementaria que se indica en copia simple:

A) Solicitude de subvención en instancia normalizada (ANEXO III Edificio/ANEXO III Vivenda) que deberá conter os seguintes preceptos:

- Declaración xurada de si solicitou e/ou recibiu ou non, subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención.
- Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais, e fronte á Seguridade Social. En todo caso, antes da proposta de resolución deberá achegar as correspondentes certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería municipal de non estar incurso en ningunha



das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de poder autorizar ao Concello de Pontevedra a obter directamente ditas acreditacións a través de certificados telemáticos, consonte ao previsto no art. 22.4 do Real decreto 887/2006.

- Declaración de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada de que dedicará a vivenda a residencia habitual e permanente ou alugamento. No caso de remodelación de edificios, declaración xurada de que o destino destes será para vivenda. En todo caso, antes da proposta de resolución deberá achegar o correspondente volante de empadramento, sen prexuízo de poder autorizar ao Concello de Pontevedra a obter os citados datos de residencia.

B) Documentación relativa ao solicitante:

1. DNI/CIF da/do solicitante e de todos os propietarios, de ser o caso, da persoa representante formalmente nomeado.

2. No caso de que o solicitante sexa unha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, presentarase ademais:

- Copia do NIF da comunidade de propietarios
- Documento acreditativo da representación con que se actúa.
- Xustificación da titularidade do edificio (inscrición no Rexistro da Propiedade).
- Acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
- Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local e cota de participación de cada vivenda e local sobre os elementos comúns do edificio.

3. Documento acreditativo da titularidade do inmóbel ou da/s vivenda/s por parte da/do(s) solicitante(s), certificación do Rexistro da Propiedade, escritura pública de obra nova, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación ou partición da herdanza, escritura pública de doazón e aceptación, ou sentenza xudicial, segundo corresponda.



4. En vivendas arrendadas contrato de arrendamento e autorización da persoa propietaria do inmóbel para realizar as obras, no caso de que o solicite o/a arrendatario/a.

5. No caso de existir máis dunha persoa propietaria, autorización delas a unha persoa propietaria para a xestión, tramitación e cobro da subvención. (ANEXO VI)

6. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todas as persoas copropietarias coa realización das obras e solicitude de subvención.

Cando as vivendas se encontren en réxime de copropiedade común ou comunidade de bens, a persoa solicitante deberá ser a residente habitual e permanente da vivenda, autorizada polos demais persoas copropietarias. Cando a vivenda estivese baleira as persoas copropietarias ou comuneiras designarán a persoa solicitante por acordo entre elas.

C) Documentación das obras e do edificio

1. Informe de avaliación do edificio segundo o establecido na disposición transitoria segunda, 1.c) do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana e no artigo 21 do Real decreto 233/2013 e co contido establecido na Ordenanza reguladora do informe de avaliación dos edificios do Concello de Pontevedra (BOP núm. 66, do 09.04.2015).

2. Proxecto ou memoria técnica na cal se expresen as obras que se van executar e a súa valoración. O proxecto ou memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do inmovible: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial.

3. Reportaxe fotográfica antes do inicio da obra, tanto do interior como do exterior do inmovible.

4. Orzamento das obras detallado por unidades de obras e agrupado por capítulos con medicións e prezo. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, 50.000€, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.



5. Licenzas , comunicación previa e/ou autorizacións para a execución das obras ou solicitude das mesmas.

6. Copia do certificado de inicio das obras, só no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da solicitude de subvención. (ANEXO IV)

7. Certificado de eficiencia enerxética das vivendas nas que se leven a cabo actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética, no caso de non estar obrigadas a presentar o informe de avaliación dos edificios.

D) Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das presentes bases, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude.

Artigo 17. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes das persoas interesadas, xunto coa documentación requirida, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Se a devandita documentación xa estivese en poder do Concello, haberá de facelo constar con indicación da data, número de expediente e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

3. O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación destas bases e da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4. Con carácter excepcional, e a xuízo do órgano competente, poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido cando, por circunstancias novas ou imprevistas, non se puidesen presentar no prazo indicado. Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás no que se refire ao cumprimento do prazo e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.



Artigo 18. Procedemento

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nas presentes bases será o seguinte:

1. A unidade administrativa municipal encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo de dez (10) días, corrixa a falla ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

2. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, formularase a proposta de resolución provisional, para o cal o persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área haberá de emitir o informe correspondente.

3. O órgano instrutor será a Oficina Técnica de Rehabilitación do ARI, en coordinación cun/ha xefe/a de servizo do SUMAPH.

4. A comisión de valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición: A concelleira responsábel de vivenda, o/a arquitecto/a xefe/a da Oficina Técnica de Rehabilitación, o/a técnico/a responsábel da área de planeamento e xestión do SUMAPH, e un/ha vogal por cada grupo político con representación no Pleno do Concello.

Artigo 19. Aprobación provisional municipal das axudas

1. O órgano competente para a aprobación provisional municipal que permita continuar o procedemento é a Xunta de Goberno Local que aprobará os certificados de conformidade.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude de subvención no Concello. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



4. O Concello remitiralle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda a proposta de cualificación provisional que conterà a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias, para que esta emita a correspondente cualificación provisional e o que considere oportuno.

5. A publicación da notificación da resolución ás persoas beneficiarias das subvencións efectuarase no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra que substituirá, de ser o caso, o trámite da notificación de acordo cos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 20. Contratación das obras

As persoas solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno ou a través do “Directorio de axentes colaboradores en materia de rehabilitación, conservación e inspección técnica de edificios do Concello de Pontevedra” ao que se refire o ANEXO destas bases.

Na oficina municipal de rehabilitación da área deberá constar o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

Artigo 21. Inicio das obras

A persoa solicitante promotora das obras comunicaralle formalmente mediante impreso normalizado (ANEXO IV) á oficina municipal de rehabilitación da área a data do comezo das obras e o prazo de execución das mesmas. No caso de que a obra conte con dirección facultativa xuntarase certificado de inicio das obras.

Artigo 22. Execución das obras

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas (cualificación provisional).

O prazo de execución das obras en ningún caso poderá exceder do establecido na correspondente cualificación provisional e terá como data límite o 30.11.2016.

A oficina municipal de rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude da cualificación provisional concedida.



Artigo 23. Aceptación e renuncia

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, notificada a resolución polo órgano competente, os beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días, contados desde a súa notificación, para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se teña producido manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia de acordo co disposto no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En todo caso, a renuncia á subvención requirirá o acordo dos propietarios ou da xunta de propietarios, segundo corresponda.

Artigo 24. Xustificación do gasto e pagamento

1. Finalizadas as obras, as persoas beneficiarias deberán comunicarlle ao Concello o remate destas mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO V) acompañado da documentación final de obra que consta nel:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas e recibidas.
- Certificación bancaria do número de conta ao seu nome.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Pontevedra, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e coa Facenda autonómica, de non autorizar ao ente xestor das axudas, o Concello de Pontevedra, para a xestión dos mesmos.
- Fotografías en cor da fachada do edificio e das zonas que se rehabilitaron.
- Facturas polo importe das obras, que deberán de coincidir co detallado por unidade de obra do orzamento protexible, así como os estratos bancarios xustificativos dos gastos.
- De ser o caso, licenza de obras que deberá de axustarse ás actuacións executadas, así como ás que foron obxecto da cualificación provisional.
- Certificado final de obra asinado por técnico competente, no caso de execución de obras maiores.
- De ser o caso licenza de primeira ocupación ou solicitude da mesma. No caso de presentar solicitude de primeira ocupación o pagamento da axuda condicionarase á obtención da mesma.
- Fotografía en cor da fachada do edificio coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Fomento, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e do Concello de Pontevedra.



- De non ter autorizado ao Concello de Pontevedra, volante de empadramento de cada un dos propietarios das vivendas obxecto de rehabilitación.
- Contrato de arrendamento de ser o caso.

2. O persoal técnico da oficina municipal de rehabilitación da área, unha vez vista a documentación, emitirá un informe, de ser favorable respecto da correcta execución das obras, e tras a comprobación das correspondentes facturas polo importe total delas, segundo o presuposto protexible, dará lugar á certificación de obra executada, asinada polo/a técnico/a municipal competente na materia.

No suposto de informe desfavorábel procederase á apertura dun trámite de audiencia a favor da persoa interesada por un prazo non inferior a dez (10) días nin superior a quince (15) días, segundo artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda. Transcorrido o devandito prazo procederase á resolución definitiva que corresponda tralo informe do/a técnico/a municipal competente na materia.

3. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

4. Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a solicitante de calquera requisito dos previstos no Real decreto 233/2013 para obter a condición de persoa beneficiaria ou dos contidos no acordo específico.

5. Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificativo teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

6. Os gastos realizados acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que haberán de ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención en concreto. Os documentos serán orixinais, e se se presentan fotocopias deberán de ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do orzamento.

7. O Concello trasladaralle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda a proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, orzamento xustificativo e a proposta de subvención final que se aboará xunto coa certificación do concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016.



Artigo 25.—Requisitos das facturas

As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Os establecidos para a súa expedición no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e no art.19 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra:

- Datadas no período subvencionable e correspondentes ás actividades proxectadas.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións, así como o seu domicilio.
- Conter o NIF ou CIF do emisor e pagador.
- Conter o selo de “pagado” ou presentar o recibo correspondente.
- Conter o número de factura e a sinatura.

b) Deberase achegar o orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para selar o primeiro, que será devolto, e compulsar a segunda.

Artigo 26.—Control de aplicación de fondos e comprobación da xustificación das subvencións

Para os efectos de garantir a correcta aplicación dos fondos, a xefatura da Oficina Técnica de Rehabilitación será a competente para comprobación da xustificación da subvención, que se materializará na emisión dun informe que acredite que as intervencións foron realizadas con adecuación ao proxecto e finalidade que determinou a concesión e que as facturas achegadas se axeitan ao proxecto presentado e que corresponden á tipoloxía dos gastos subvencionados. Os beneficiarios estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos arts. 14 da Lei 38/2003, e art. 11 da Lei 9/2007.

Artigo 27. Aprobación definitiva das axudas

Unha vez acadada a correspondente cualificación definitiva e acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, formularase a proposta definitiva de resolución. O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente. Seguidamente, procederase ao pagamento da axuda concedida.

Artigo 28.—Publicidade das subvencións concedidas

A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra así como na páxina web do Concello, www.pontevedra.eu. Aquelas para as que o seu outorgamento e contía individual sexa superior a 3.000 euros publicaranse tamén no BOP.



Artigo 29.—Responsabilidades e réxime sancionador

1. As persoas beneficiarias das subvencións outorgadas, virán obrigadas a:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención nos prazos sinalados nas presentes bases.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención do Concello polos medios que este estime oportunos.

c) Facilitar tanta información lle sexa requirida polos diferentes servizos do Concello.

d) Cumprir os prazos das distintas actuacións que se establecen nas presentes bases.

2. As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infracción administrativa na materia establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

Artigo 30.—Reintegro

1. As persoas beneficiarias das subvencións deberán reintegrar a totalidade ou parte das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que de ser coñecidas impedirían a concesión.

b) Incumprimento total ou parcial do obxecto da presente subvención pola non execución da intervención proxectada que motivou a concesión da mesma.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

d) En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control fixadas nestas bases.

f) Demais causas previstas no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra aprobada na sesión plenaria do día 17 de setembro de 2004.



2. O reintegro de subvencións rexeráse pola normativa específica de fomento e o procedemento de reintegro regularáse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, sen prexuízo das especialidades que se establezan legal ou regulamentariamente.

3. As cantidades que se reintegren terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na normativa xeral tributaria e reguladora das facendas locais. A obriga de reintegrar será independente das sancións que, no seu caso, puideran imporse.

Artigo 31.—Cambios de titularidade

Só se poderá autorizar o cambio de titularidade da persoa beneficiaria da subvención logo da solicitude por escrito das persoas interesadas, unha vez recaída a resolución de concesión da subvención e sempre que a persoa que solicitou inicialmente a subvención a aceptara, e a que pretenda ser nova titular cumpra os requisitos esixidos para acceder ás axudas e exista conformidade entre as partes interesadas para que o cambio se produza. A que pretenda ser nova titular subrogarase nos compromisos adquiridos pola anterior, de modo que o incumprimento dun dos requisitos orixinará a desestimación do cambio de titularidade.

A solicitude achegará, segundo proceda, os documentos xustificativos da personalidade e dos motivos polos que se solicita o cambio, como falecemento, compravenda, transformacións de sociedades, alugamento ou outras causas, así como conformidade entre as partes, declaración de expresa responsabilidade sobre o cumprimento dos requisitos esixidos para acceder ás axudas e subrogación nos compromisos da anterior titular.

En todos os casos de representación legal, achegarase copia compulsada do poder acreditativo correspondente, de conformidade co artigo 32 LRXPAC

Artigo 32.—Interpretación

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Comisión Cualificadora.

Artigo 33. Revogación

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención nos seguintes casos:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións esixidas.
- b) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso.
- c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.



Artigo 34.—Recursos

O acto administrativo da Xunta de Goberno Local polo que se resolve a solicitude da subvención porá fin á vía administrativa, e fronte a el poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 3 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 117.2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os/as interesados/as interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, conforme ao establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No entanto, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os/as interesados/as estimen procedente conforme a dereito.

Disposicións adicionais

Primeira.—As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

Segunda.—Co obxecto de establecer o marco xeral regulador das actuacións, o Concello poderá ditar as oportunas normas mediante a aprobación de estudos de rehabilitación, nos que se estableza a programación das intervencións, o tratamento das envolventes dos edificios, así como os criterios a seguir nas actuacións nos espazos públicos.

O cumprimento destas normas será condición necesaria para a aprobación das axudas económicas reguladas polas presentes bases, se así se dispón nas mesmas.

Terceira.—Protección de datos de carácter persoal.



Os datos de carácter persoal que se acheguen por parte das persoas no procedemento que se regula nas presentes bases só poderán utilizarse para os fins previstos na mesma. As persoas responsábeis do acceso e tratamento dos citados datos deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas que garantan a seguridade, integridade e confidencialidade dos mesmos.

Disposición derradeira

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia, tras a tramitación regulamentariamente establecida.

A N E X O

DIRECTORIO DE AXENTES COLABORADORES EN MATERIA DE REHABILITACIÓN, CONSERVACIÓN E INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Artigo 1.—Obxecto

O obxecto da creación do directorio de axentes colaboradores adscrito ao Concello de Pontevedra e por a disposición dos solicitantes de actuacións en materia de rehabilitación, conservación e inspección técnica de edificacións, unha relación de axentes colaboradores para simplificar, facilitar e axilizar a xestión e execución das obras. Este directorio terá, exclusivamente, un carácter informativo para os promotores, sen que en ningún caso a inscrición supoña un requisito obrigado para a execución das obras de rehabilitación ou inspección técnica de edificacións.

Artigo 2.—Dependencia do directorio

A xestión do directorio de axentes colaboradores corresponderá ao Concello de Pontevedra.

Artigo 3.—Suxeitos

Poderán inscribirse no directorio aquelas persoas físicas ou xurídicas que interveñan no proceso das obras de rehabilitación e inspección técnica de edificacións con suxeición ás condicións establecidas no presente anexo.

Artigo 4.—Seccións

O directorio estruturarase nas seguintes seccións:

1. Sección I: Técnicos.



2. Sección II: Contratistas.
3. Sección III: Oficios.
4. Sección IV: Subministradores de materiais.
5. Sección V: Entidades e laboratorios de control da calidade.

Artigo 5.—Asentos de inscrición

Os asentos de inscrición conterán, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Número de inscrición.
- b) Indicación da actividade e localización.
- c) Persoa física ou xurídica titular da empresa con seu número de código de identificación fiscal.
- d) Inscrición, se é o caso, no rexistro mercantil, cos datos que del se consideren relevantes.
- e) Actuacións realizadas en materia de rehabilitación.
- f) Observacións.
- g) Persoa e teléfono de contacto.

Artigo 6.—Modificación dos datos da inscrición

Os axentes inscritos no directorio están obrigados a comunicar, no prazo máximo dun mes, calquera modificación ou alteración que afecte os datos consignados nel e, en particular, os seguintes:

- a) Todas as incidencias posteriores á inscrición, en particular, os cambios de titularidade, os de denominación da empresa e as modificacións ou reformas que afecten as condicións en que se outorgou a inscrición inicial.
- b) A actualización das obras, traballos ou subministracións en materia de rehabilitación posteriores á inscrición realizados por cada interesado inscrito.
- c) As resolucións xudiciais e administrativas firmes que afecten a persoa ou empresa inscrita referidas á súa actividade, e que impliquen a modificación ou alteración dos datos contidos no asento de inscrición.



Artigo 7.—Procedemento

1. O procedemento de inscrición no directorio iniciárase mediante a presentación da correspondente solicitude, xuntando a documentación que se determina nos anexos que se acompañan, referidos a cada unha das seccións.

2. A persoa que desempeña a titularidade da Dirección Xera de Urbanismo e Servizos Xerais. será competente para resolver. Contra a citada resolución caberá recurso de alzada no prazo máximo dun mes.

3. O prazo para resolver o procedemento será de tres meses, contados desde a data en que a solicitude entrase no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. No caso de que non se ditase a resolución no dito prazo, a solicitude entenderase estimada conforme o establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Artigo 8.—Duración e cancelación das inscricións

1. A inscrición no directorio terá carácter permanente, debendo, unicamente, achegar os interesados aquela documentación que, pola súa data de caducidade, deba ser renovada en cumprimento das condicións da inscrición e, anualmente, declaración expresa responsable, relativa á vixencia sen contradición das circunstancias que motivaron a inscrición no directorio.

2. O incumprimento desta obriga suporá a suspensión provisional dos efectos da inscrición ata a súa emenda. Transcorridos catro meses sen recibir a documentación sinalada no punto anterior, procederase á anulación definitiva da inscrición no directorio.

3. O incumprimento substancial do resto das condicións preceptuadas no presente anexo polos titulares das inscricións poderá ser determinante da cancelación definitiva destas, logo do oportuno expediente incoado para o efecto con audiencia do interesado.

Artigo 9.—Cesión de datos

O dereito de acceso ao directorio queda suxeito ao establecido na normativa xeral aplicable, e, en especial, á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



DIRECTORIO

Sección primeira: Técnicos

Son os axentes que, por encargo do promotor, redactan os proxectos, asumen a dirección de obra ou a dirección de execución de conformidade coas disposicións legais vixentes para cada profesión, de acordo coas especialidades e competencias específicas.

Para efectos deste directorio créanse as seguintes subseccións:

1. Técnicos de grao superior.
2. Técnicos de grao medio.

Sección segunda: Contratistas

É o axente que asume, contractualmente ante o promotor, o compromiso de executar con medios humanos e materiais, propios e alleos, as obras ou parte destas con suxeición ao proxecto e ao contrato.

Sección terceira: Oficios

Son os axentes que asumen a elaboración ou execución dunha fase da obra.

Para efectos deste directorio créanse as seguintes subseccións:

1. Canteiros.
2. Albaneis.
3. Carpinteiros.
4. Pintores.
6. Fontaneiros.
7. Calefactores.
8. Electricistas.
9. Outros



Sección cuarta: Subministradores de materiais

Con carácter xeral, considéranse subministradores de materiais os fabricantes, almacenistas, importadores ou vendedores de produtos de construción.

Para efectos deste directorio créanse as seguintes subseccións:

1. Madeira aserrada.
2. Madeira Laminada.
3. Pedra.
4. Placas e láminas impermeables baixo tella.
5. Sistemas de impermeabilización.
6. Tella curva ou plana.
7. Sistemas de panel sándwich ou chapa.
8. Zinc ou cobre.
9. Sistemas de evacuación de pluviais.
10. Sistemas de tabicaría de ladrillo.
11. Sistemas de tabicaría en seco.
12. Sistemas de illamento de fachadas.
13. Sistemas de fachadas ventiladas.
14. Sistemas de illamento térmico.
15. Sistemas de illamento acústico.
16. Morteiros.
17. Perliescaiola.
18. Falsos teitos.
19. Cal e argamasas de cal.
20. Pinturas.



21. Produtos para o tratamento anti-xilófagos e funxicidas de madeira.
22. Sistemas de impermeabilización para locais húmidos da vivenda.
23. Pavimentos de madeira.
24. Pavimentos cerámicos.
25. Pavimentos terrazos e baldosas.
26. Pavimentos sintéticos.
27. Portas interiores de madeira.
28. Ferraxes para carpintaría.
29. Carpintaría exterior de madeira.
30. Carpintaría exterior de aluminio ou metálica.
31. Carpintaría exterior de PVC.
32. Instalacións de calefacción.
33. Instalacións de electricidade.
34. Instalacións de auga.
35. Instalacións de saneamento.
36. Instalacións enerxía solar.
37. Instalación de enerxía renovábel.
38. Instalacións de telecomunicacións.
39. Instalacións de datos ou domótica.
40. Instalacións de aparellos elevadores ou elementos de accesibilidade.
41. Instalacións de sistemas contra incendios.
42. Outros.



Sección quinta: Entidades e laboratorios de control da calidade da edificación

Son entidades de control da calidade da edificación aquelas capacitadas para prestar asistencia técnica na verificación da calidade do proxecto, do materiais e da execución da obra e a súas instalacións de acordo co proxecto e normativa aplicábel.

Son laboratorios de ensaios para o control da calidade da edificación os capacitados para prestar asistencia técnica, mediante a realización de ensaios ou probas de servizo dos materiais, sistemas ou instalacións dunha obra de edificación.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

INSCRIPCIÓN NO DIRECTORIO DE AXENTES COLABORADORES

TÉCNICOS

DATOS DO SOLICITANTE

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____
 Teléfono _____ e-mail _____

SOLICITA:

Inscribirse no Directorio de Axentes Colaboradores do Concello de Pontevedra na sección primeira Técnicos:

- Técnicos de grao superior
 Técnicos de grao medio

ao abeiro do disposto no Prego de condicións do directorio de axentes colaboradores do Concello de Pontevedra.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE:

Todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos e a aceptación expresa das condicións da inscrición.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Pontevedra, _____ de _____ de 20__

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA



**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- Copia do DNI ou NIF compulsada
- Alta no Imposto de Actividades Económicas e, se é o caso, pago do último recibo.
- No seu caso, escritura de constitución da sociedade profesional ou empresa.
- Certificado de colexiación e habilitación profesional do Colexio ao que pertence.
- Certificado do estado actual da situación laboral ante a Seguridade Social ou outro organismo.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Relación das 5 obras de rehabilitación que considere de maior importancia, cunha breve descrición da mesma, tipoloxía, localización, tipo de intervención profesional, orzamento e ano de execución.

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA



INSCRICIÓN NO DIRECTORIO DE AXENTES COLABORADORES

CONTRATISTAS

DATOS DO SOLICITANTE

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____, Provincia _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____, Provincia _____

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____, Provincia _____
 Teléfono _____ e-mail _____

SOLICITA:

Inscribirse no Directorio de Axentes Colaboradores do Concello de Pontevedra na sección segunda Contratistas:
 ACTIVIDADE: _____
 Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS: _____
 ao abeiro do disposto no Prego de condicións do directorio de axentes colaboradores do Concello de Pontevedra.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE:

Todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos e a aceptación expresa das condicións da inscrición.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Pontevedra, _____ de _____ de 20__

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Pontevedra. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro Xeral do Concello

Código seguro de verificación: PX3Q61CNDPPXWF6G



**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- Copia do DNI ou NIF compulsada
- No seu caso, escritura de constitución ou modificación da empresa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no Rexistro que corresponda, de non ser Sociedade Mercantil.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas e, se é o caso, pago do último recibo.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Declaración de medios materiais e persoais.
- Relación das 5 obras de rehabilitación que considere de maior importancia, cunha breve descrición da mesma, tipoloxía, localización, tipo de intervención, orzamento e ano de execución.

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE
PONTEVEDRA

INSCRICIÓN NO DIRECTORIO DE AXENTES COLABORADORES

OFICIOS

DATOS DO SOLICITANTE

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____
 Teléfono _____ e-mail _____

SOLICITA:

Inscribirse no Directorio de Axentes Colaboradores do Concello de Pontevedra na sección terceira Oficios:

Subsección:

CANTEIROS ALBANEIS CARPINTEIROS PINTORES FONTANEIROS
 CALEFACTORES ELECTRICISTAS OUTROS

Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS _____

ao abeiro do disposto no Prego de condicións do directorio de axentes colaboradores do Concello de Pontevedra.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE:

Todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos e a aceptación expresa das condicións da inscrición.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Pontevedra, _____ de _____ de 20__

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA





DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Copia do DNI ou NIF compulsada
- Certificación do estado actual da situación laboral ante a Seguridade Social ou outro organismo.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas e, se é o caso, pago do último recibo.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Relación das 5 obras de rehabilitación que considere de maior importancia, cunha breve descrición da mesma, tipoloxía, localización, tipo de intervención, orzamento e ano de execución.

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA





CONCELLO DE
PONTEVEDRA

INSCRIPCIÓN NO DIRECTORIO DE AXENTES COLABORADORES SUBMINISTRADORES DE MATERIAIS

DATOS DO SOLICITANTE

Nome _____
con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
Municipio _____, Provincia _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome _____
con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
Municipio _____, Provincia _____

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
Municipio _____, Provincia _____
Teléfono _____ e-mail _____

SOLICITA:

Inscribirse no Directorio de Axentes Colaboradores do Concello de Pontevedra na sección cuarta Subministradores de materiais, na subsección:

- Madeira Aserrada Madeira Laminada Pedra Placas e láminas impermeables baixo tella
 Sistemas de impermeabilización Tella curva ou plana Panel sándwich ou chapa Zinc ou cobre
 Sistemas de evacuación de pluviais Sistemas de tabicaría de ladrillo Sistemas de tabicaría en seco
 Sistemas de illamento de fachadas Sistemas de fachada ventilada Sistemas de illamento térmico
 Sistemas de illamento acústico Morteiros Perlescaiola Falsos teitos Cal e argamasas de cal Pinturas
 Produtos tratamento anti-xilófagos e funxicidas da madeira Sistemas impermeabilización locais húmidos en vivenda
 Pavimentos de madeira Pavimentos cerámicos Pavimentos de terrazos ou baldosas Pavimentos sintéticos
 Portas int. de madeira Ferraxes para carpintaría Carpintaría ext. de madeira Carpintaría ext. de aluminio ou metálica
 Carpintaría exterior de PVC Instalacións de calefacción Instalacións de electricidade Instalacións de auga
 Instalacións saneamento Instalacións enerxía solar Instalacións enerxía renovable Instalacións telecomunicacións
 Instalacións de datos e domótica Instalación aparellos elevadores ou elementos accesibilidade Sistemas contra incendios
 Outros _____

Nº INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS: _____
ao abeiro do disposto no Prego de condicións do directorio de axentes colaboradores do Concello de Pontevedra.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE:

Todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos e a aceptación expresa das condicións da inscrición.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Pontevedra, _____ de _____ de 20 ____

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA



**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- Copia do DNI ou NIF compulsada
- No seu caso, escritura de constitución ou modificación da empresa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no Rexistro que corresponda, de non ser Sociedade Mercantil.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas e, se é o caso, pago do último recibo.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Declaración de medios materiais e persoais.
- Relación das 5 obras de rehabilitación que considere de maior importancia, cunha breve descrición da mesma, tipoloxía, localización, tipo de intervención, orzamento e ano de execución.

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE
PONTEVEDRAINSCRICIÓN NO DIRECTORIO DE AXENTES COLABORADORES
ENTIDADES E LABORATORIOS DE CONTROL

DATOS DO SOLICITANTE

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome _____
 con NIF ou CIF nº _____ teléfono _____ e-mail _____
 con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

con enderezo en _____ nº _____ andar _____, CP _____
 Municipio _____ Provincia _____
 Teléfono _____ e-mail _____

SOLICITA:

Inscribirse no Directorio de Axentes Colaboradores do Concello de Pontevedra na sección quinta Entidades e Laboratorios de control da calidade da edificación:

ACTIVIDADE: _____

Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE EMPRESAS ACREDITADAS: _____

ao abeiro do disposto no Prego de condicións do directorio de axentes colaboradores do Concello de Pontevedra.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE:

Todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos e a aceptación expresa das condicións da inscrición.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Pontevedra, _____ de _____ de 20__

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA





DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Copia do DNI ou NIF compulsada
- No seu caso, escritura de constitución ou modificación da empresa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no Rexistro que corresponda, de non ser Sociedade Mercantil.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas e, se é o caso, pago do último recibo.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social nos termos previstos na normativa vixente en materia de contratación.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Declaración de medios materiais e persoais.
- Relación das 5 asistencia técnicas, probas, ensaios, informes de materiais, etc na área de rehabilitación que considere de maior importancia, cunha breve descrición da mesma, tipoloxía, localización, tipo de intervención, orzamento e ano de execución.

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA





CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ANEXO I

SOLICITUDE DE VISITA TÉCNICA DE INSPECCIÓN PARA A ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL					NIF/CIF
<input type="text"/>					<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)	
NOME E APELIDOS	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPÓN:	
Que, en calidade de <input type="text"/> do/a <input type="text"/> sito/a na rúa	
<small>(propietario/a/inquilino/a) (edificio ou vivenda)</small>	
<input type="text"/>	
<small>(enderezo da obra)</small>	
con referencia catastral <input type="text"/>	
Ten coñecemento de que o inmovible arriba indicado localízase dentro do ámbito:	
<input type="checkbox"/> Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Estribela <input type="checkbox"/> Área de Rehabilitación Conxunto Histórico de Pontevedra (ARCH)	
Ten intención de solicitar axudas económicas para a rehabilitación do inmovible.	

Por todo iso, SOLICITA:	
Que por parte da Oficina Técnica de Rehabilitación se realice a visita de inspección previa á solicitude oficial de axudas económicas, co fin de comprobar o estado do inmovible e asesorar sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do mesmo.	
ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:	
<input type="checkbox"/> Copia do NIF ou NIE do solicitante. <input type="checkbox"/> Outros documentos: <input type="text"/>	
<input type="text"/>	

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data	
<input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	

AO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Consonte ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Pontevedra. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro Xeral do Concello

Código seguro de verificación: PX3Q61CNDPPXWF6G





CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ANEXO II

SOLICITUDE DE REDACCIÓN DE MEMORIA TÉCNICA DE OBRA MENOR PARA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL					NIF/CIF
<input type="text"/>					<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)	
NOME E APELIDOS	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPÓN:
Que, en calidade de do/a sito/a na rúa
(propietario/a/inquilino/a) (edificio ou vivenda)

(endereço da obra)

con referencia catastral

O antedito inmueble arriba indicado localízase dentro do ámbito:

Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Estribela
 Área de Rehabilitación Conxunto Histórico de Pontevedra (ARCH)

Xa foi realizada a visita de inspección técnica previa por parte da Oficina Técnica de Rehabilitación da área.

Por todo iso, **SOLICITA:**

